

PREGUNTA DE AER SOBRE A CONTA XERAL

PLENO 16 SETEMBRO 2014. ACTA 12/2014

Atendendo ao expresado no informe de intervención respecto da liquidación de contas de 2013, que di:

“Tal como se establece por autores como Valenzuela Villarrubia, a rendición de contas constitúe a principal garantía de transparencia na xestión económica dos entes públicos que a integran. Tradución disto é o réxime de contabilidade pública ó que se atopan sometidas as entidades integrantes do sector público, que as obriga a formar cada ano, ó remate do exercicio orzamentario, os estados contables para a súa censura pública.

Ademais cumpre outra serie de esixencias de carácter democrático como poden ser:

- Informa da xestión económica que realizaron os representantes públicos.
- Por esta razón configúrase o trámite de exposición pública das contas, posibilitando que a súa información chegue a calquera administrado.
- É unha vía inmediata de participación cidadá nos asuntos públicos, por tanto, clara manifestación democrática á que se refire o artigo 23 da Constitución.
- Fai posible o control do gasto público e a súa adecuación ós principios constitucionais de legalidade, eficacia, eficiencia e economía do artigo 31.2 da Constitución Española.
- Permite o control da acción do goberno polo Pleno Corporativo.
- Facilita o proceso de toma de decisións no ámbito da xestión.
- Fai posible a fiscalización externa.
- Subministra información a outras Administracións Públicas (a efectos de viabilizar o requirimento de legalidade, realizar estudos e estatísticas referentes ó sector público,...).

“Este elenco de fins converte a Conta Xeral de todo ente público nun referente necesario para todos os que observan de preto a súa actuación no campo económico.

PREGUNTAMOS:

Pensa o alcalde facilitar a “CONSULTA PÚBLICA” destes informes publicándoos na web do Concello ou teremos que solicitalo mediante unha moción?

A concelleira ALONSO ALONSO di que consulta da conta é pública dende o momento en que se publica no boletín.